



CONCELLO DE CHANTADA

Propuesta de Alcaldía Expediente Nº 352/2021

Asunto: **Modificación orzamentaria 15/2021, mediante Crédito extraordinario 02/2021**

PROPOSTA DA ALCALDÍA

Visto o expediente tramitado para modificar créditos dentro do vixente orzamento para o ano 2021, sendo fundamental dotar crédito para poder adquirir un camión para xardinería necesario para o adecuado funcionamento do servizo, debe efectuarse un crédito extraordinario por importe de 42.350,00 € con cargo ao Remanente de Tesorería para gastos xerais do exercicio 2020.

De conformidade co artigo 177 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e os artigos 35, 36, 37 e 38 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, e as Bases de Execución do Orzamento para 2021.

Visto o informe da Intervención.

PROPOÑO AO PLENO DA CORPORACIÓN O SEGUINTE ACORDO

1. Que se proceda á aprobación inicial polo Pleno do **CRÉDITO EXTRAORDINARIO 02/2021** por importe de 42.350,00 €, conforme ao seguinte detalle:

INCREMENTO DO GASTO

Ap. Orzam.	Denominación	Importe
171-624.00	Camión para xardinería	42.350,00 €

INCREMENTO DOS INGRESOS

Concepto	Destino	Importe
870.00	RTGX	42.350,00 €

2. Exposición pública do expediente por un prazo de quince días, previo anuncio no Boletín Oficial da provincia.
3. Aprobación definitiva polo Pleno no suposto de que se presentaran reclamacións. Noutro caso o acordo aprobatorio inicial considerárase definitivo sen necesidade de acordo posterior.
4. Publicación do expediente, resumido por capítulos, no Boletín oficial da provincia.

Chantada, na data da sinatura electrónica no 2021.

O ALCALDE,

A/ Manuel L. Varela Rodríguez

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE

CONCELLO DE CHANTADA

